



Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección da categoría de **OFICIAL 1ª COCIÑA**, solicitando o Servizo Galego de Colocación o código 51101026 (cociñeiros en xeral), deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, deberán aportar os candidatos as fotocopias, co fin de poder valorar os méritos que aleguen

Requisitos mínimos de admisión

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión do título de FP II en Hostalería especialidade de cociña, ou do Grao Superior en dirección de cociña, ou equivalente.
3. Ter o curso de manipulador de alimentos actualizado.

O proceso selectivo será a través de concurso máis entrevista

1.- Concurso:

A puntuación obtida no concurso será dun máximo de 9 puntos, de acordo co seguinte baremo:

A) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 3.5 puntos, nos seguintes termos:

1.- Formación Complementaria:

Por cursos impartidos polas administracións públicas, universidades, INEM, formación continua do AFCA (Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional) relacionada coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

0,1 puntos por cada 40 horas de formación complementaria.

B) Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1,5 puntos.

1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos.
2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1,5 puntos.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables as dúas.

C) Experiencia profesional: (acreditarse a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calqueira outra documentación que acredite fidelísimamente)

A puntuación máxima nesta alínea será de 4 puntos.

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública , en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, na mesma ou similar categoría.

2.- Entrevista:

Versará sobre os méritos específicos adecuados as características do posto, así como a comprobación de méritos alegados. A puntuación máxima nesta fase será de 1 punto.

3.-Desempates:

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo incluíndo a entrevista

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 03/02/2016 pola que se fai público para o ano 2016 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 12/02/2016), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra " O ".

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, procederase ao nomeamento polo órgano competente.

4.- Tribunal Selección

O tribunal de selección será nomeado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes, sendo a súa composición 1 Presidente, 1 Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público., e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente ou / e o secretario titular e do secretario suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde e así sucesivamente.